

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional**Modelo MD85PRO08****Programación do módulo de proxecto**

CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

Curso: 2024 - 2025

Ciclo formativo

Familia profesional	Ciclo formativo	Grao	Réxime	Modalidade
QUÍMICA	CS LABORATORIO DE ANÁLISE E DE CONTROL DE CALIDADE	Superior	MODULAR	PRESENCIAL

Profesorado participante

Titor/a	EVA FACAL CDENTENO
Profesora	EVA FACAL CENTENO
Profesora	CARMEN BALO VILLANUEVA
Profesora	MARINA CORES MUÑIZ
Profesora	PILAR ALCAINA FERREIRO
Profesora	ADRIANA MAÑANA LÓPEZ

Índice

1	Introdución e contextualización.....	3
2	Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo.....	4
3	Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación.....	5
4	Relación de actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado.....	8
5	Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado.....	9
6	Horarios previstos para as actividades de titoría e seguimento, canles de comunicación, prazos de entrega para a súa supervisión, formato de presentación e exposición final.....	10
7	Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación.....	12
8	Procedementos para avaliar a propia programación.....	21
9	Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado.....	22

1 Introducción e contextualización

O Real decreto 1395/2007, de 29 de outubro, establece os aspectos básicos do currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Laboratorio de Análise e Control de calidade, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer o currículo correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza. E a nivel galego no Decreto 221/2008, do 25 de setembro.

O módulo de Proxecto que se inclúe no ciclo formativo de grao superior de Laboratorio de Análise e Control de calidade permitirá integrar de forma global os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordan no resto dos módulos profesionais con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

Dentro da contorna de Santiago de Compostela existe un bo número de empresas relacionadas co entorno produtivo do ciclo formativo. Así, pódese destacar a existencia de:

- Os hospitais CHUS e provincial, dependentes do Sergas así como outros privados (A Rosaleda e a Esperanza), alén de outros servizos sanitarios.
- Ademais, e relacionados de algunha maneira coa USC, existen laboratorios de investigación punteiros, nos que demandan cada vez máis estas especialidades, con investigación en campos como a edafoloxía, medio ambiente, a depuración das auga, o control da contaminación do aire.
- Empresas no sector dos materiais e alimentación.
- Debemos engadir a existencia de servizos de inspección sanitaria e ambiental dependentes da Xunta de Galicia onde se demandan traballadores que exerzan de inspectores ou traballen nos laboratorios de control da calidade do medio, en todas as súas facetas
- Finalmente, subliñar que o feito de ser membros da Unión Europea, nos obriga a ter uns estándares de calidade en sintonía coa lexislación da UE en materia Laboratorio de análise e control de calidade.

2 Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo

O traballo a desenvolver consistirá no deseño e programación dunha intervención co obxectivo de resolver un problema ou solventar unha necesidade detectados nunha empresa do sector ou na propia sociedade, complementando a formación dos outros módulos profesionais nas funcións de análise do contexto, deseño e organización da intervención, e planificación da súa avaliación.

A función de análise do contexto abrangue as subfuncións de compilación de información, identificación e establecemento de prioridades de necesidades, e identificación dos aspectos que faciliten ou dificulten o desenvolvemento da intervención.

A función de deseño da intervención ten como obxectivo establecer as liñas xerais desta para dar resposta ás necesidades detectadas. Inclúe as subfuncións de definición ou adaptación da intervención, establecemento da secuencia e das prioridades das accións, planificación da intervención, determinación de recursos, planificación da avaliación, e deseño de documentación e do plan de atención á clientela, de ser o caso.

A función de organización da intervención abrangue as funcións de detección de demandas e necesidades, programación, xestión, coordinación e supervisión da intervención, e elaboración de informes.

Fomentarase e valorarase a creatividade, o espírito crítico e a capacidade de innovación nos proxectos realizados, así como a adaptación da formación recibida en supostos laborais e en novas situacións.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Avaliación do traballo realizado.
- Autonomía e iniciativa.
- Uso das TIC.

3 Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación
RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.	CA1.1. Clasificáronse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen. CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo, e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento. CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas. CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector. CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas. CA1.6. Determináronse as características específicas requeridas ao proxecto. CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación. CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan. CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.	Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno.
RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.	CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto. CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto. CA2.3. Identificouse o contido do proxecto, así como as súas fases e as súas partes. CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e comprobouse que sexan asumibles. CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.	Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno.

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación
	CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente. CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto. CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño. CA2.9. Identificáronse os aspectos que é preciso controlar para garantir a calidade do proxecto.	
RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.	CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica. CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade. CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades. CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades. CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios. CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, así como os tempos de execución. CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica. CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.	Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto. Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno
RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica	CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.	Rúbrica a aplicar sobre o traballo realizado polo alumno no seguimento da realización do proxecto.

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación
a selección das variables e dos instrumentos empregados.	CA4.2. Definiéronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación. CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro. CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro. CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto. CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos. CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.	Rúbrica a aplicar sobre a memoria entregada polo alumno
RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.	CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto. CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector. CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño. CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto. CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto. CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto. CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo. CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora. CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición	Rúbrica a aplicar sobre o a exposición e defensa do proxecto.

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación
	CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados das empresas do sector.	

-

4 Relación de actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

Traballos a desenvolver polo alumnado	Participación do profesorado do equipo docente do grupo
1.- Escoller unha de entre as liñas de actuación propostas polo equipo docente para desenvolver o Proxecto 2.- Buscar e recompilar a información necesaria 3.- Elaborar a memoria do Proxecto. 4.- Presentar e defender publicamente o Proxecto realizado.	1.- Titorizar a elaboración do proxecto de un número de alumnos a determinar tendo en conta o total de alumnos do curso. O reparto de alumnos entre os profesores-titores terá lugar por sorteo ao chou na avaliación final de módulos previa a FCT. 2.- A titorización do proxecto implica: <ul style="list-style-type: none"> - Orientar ao alumno á hora na escolla do tema sobre o que desenrolar o proxecto - Realizar o seguimento de elaboración do mesmo - Resolver as dúbidas que se poidan presentar ao alumno en relación coa elaboración do proxecto. 2.- Realizar a avaliación da memoria do proxecto 3.- Asistir ao acto de presentación das memorias do proxecto e avaliar as mesmas

5 Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

As actividades e tarefas son individuais e deben realizadas polo alumno simultaneamente ao desenvolvemento da FCT e presentadas nas reunións previstas co profesor – titor do proxecto.

Actividade	Tarefa
A 1. Busca de información e elaboración dun guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.	T1.1 Busca de información sobre empresas do sector considerando os produtos máis demandados e as oportunidades de negocio e escoller un proxecto para desenvolver. T1.2 Elaboración dun guión de traballo para seguir na realización do Proxecto.
A 2. Elaboración dun proxecto relacionado coa familia profesional.	T2.1 Elaboración dunha memoria do proxecto que entregará ao final da FCT para ser avaliada e que deberá cumprir os requisitos de formato e contidos que lle foron comunicados previamente.
A 3. Exposición e defensa do proxecto.	T 3.1 Preparación dunha presentación – resumo do proxecto realizado. T 3.2 Exposición e defensa do mesmo diante dos membros do equipo docente e dos compañeiros de curso.

6 Horarios previstos para as actividades de tutoría e seguimento, canles de comunicación, prazos de entrega para a súa supervisión, formato de presentación e exposición final

HORARIOS PREVISTOS PARA AS ACTIVIDADES DE TUTORÍA E SEGUIMENTO

As actividades de tutoría e seguimento do proxecto desenvolveranse de dúas maneiras:

- 1.- Presencialmente nos mesmos días que as reunións quincenais da FCT e a continuación das mesmas. Os alumnos reuniranse co profesor titor do proxecto e xuntos revisarán o traballo feito ata ese momento.
- 2.- No Moodle, na aula virtual creada a tal efecto, onde os alumnos deberán facer entrega, antes das reunións presenciais, do traballo que vai ser revisado.

CANLES DE COMUNICACIÓN

Ademais das reunións presenciais, o Moodle servirá como un canle permanente de comunicación entre alumno e titor do proxecto.

PRAZOS DE ENTREGA PARA A SUPERVISIÓN DO PROXECTO

O alumno fará na aula virtual, e nos prazos marcados, un mínimo de tres entregas parciais. A primeira das mesmas consistirá nunha proposta de tema para o proxecto acompañado dun índice comentado do mesmo, as demais serán do traballo realizado ata o momento da entrega.

Aproximadamente 15 días antes da data fixada para a defensa terá lugar a entrega final do proxecto, que se entregará simultaneamente en formato dixital no Moodle e en papel no departamento, para a súa revisión polo equipo docente antes da presentación do mesmo.

A memoria do proxecto terá unha portada que conterá o seguinte:

Nome do centro e titulación

CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

TÉCNICO SUPERIOR EN LABORATORIO DE LABORATORIO DE ANÁLISE E CONTROL DE CALIDADE

Departamento:

QUÍMICA

Título do proxecto

Nome d@ alumn@

Ano académico

O extensión do proxecto estará entre 40 e 90 páxinas, sen contar as achegas, poderá estar redactado en galego ou español e conterá un índice completo.

Para todo o documento, agás os planos, utilizaranse folios brancos tamaño A4 (210x297 mm). Os marxes estarán comprendidos entre un mínimo de 25 mm e un máximo de 35 mm. Recoméndase que o marxe esquerdo sexa o maior.

O tipo de letra para o texto normal será Arial, de tamaño 11 ou 12, xustificado. O interlineado será de 1,5.

Todas as páxinas, agás a portada, deberán ir paxinadas na súa esquina inferior dereita, exemplo 5/90.

A maquetación do proxecto poderá ser en espiral ou encadernada (plan libro).

Na memoria do proxecto deben tocarse todos os puntos considerados obrigatorios, pero a presentación non ten que ter a rixidez de dita enumeración.

PRESENTACIÓN E EXPOSICIÓN FINAL

Unha vez entregado o proxecto, cada alumno preparará a exposición do mesmo. Esta terá lugar diante de todo o equipo docente e dos compañeiros de clase, cuxa asistencia as exposicións terá carácter de obrigatoria.

A exposición poderá ir acompañada dunha presentación e o material auxiliar que o alumno considere necesario e durará un mínimo de 10 e un máximo de 20 minutos. Recoméndase que a exposición se divida en tres partes: introdución, desenvolvemento e conclusión.

7 Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación

PUNTOS MÍNIMOS ESIXIBEIS QUE DEBEN SER TRATADOS NO MÓDULO DE PROXECTO

Índice

Presentación do proxecto.

Presentación e situación do proxecto no ciclo formativo.

Xustificación do proxecto.

Proxecto.

Descrición da intervención que se pretende levar a cabo

Recursos necesarios, tanto materiais como humanos.

Estimación dos orzamentos necesarios. Balance económico.

Planificación.

Fases da realización do proxecto.

Actividades na realización de cada fase do proxecto.

Documentación relacionada coas actividades a realizar.

Control de calidade

Normas de calidade aplicables ao proxecto.

Controis de calidade a realizar para asegurar o resultado.

Seguridade no traballo.

Valoración de posibles riscos durante a realización do proxecto.

Lexislación e normativa legal.

Protección ambiental.

Procedementos para reducir verteduras.

Refugallo de produtos químicos.

Cumprimento da normativa aplicable

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O módulo de proxecto avaliarase coas seguintes proporcións:

- **20% de reunións de seguimento.** Avaliación que realizará o director/a do proxecto en base ás notas individuais das diferentes reunións planificadas utilizando a rúbrica número 1
- **50% traballo da memoria.** A nota calcularase mediante a aplicación da rúbrica 2 ao proxecto por cada un dos profesores do equipo docente. O resultado será a media de todas as cualificacións, eliminándose a superior e inferior se, entre elas, houberse unha diferenza de tres puntos entre elas.

- **30% exposición do proxecto.** A nota calcularase mediante a aplicación da rúbrica 3 á exposición do proxecto por cada un dos profesores do equipo docente. O resultado será a media de todas as cualificacións, eliminándose a superior e inferior se, entre elas, houberse unha diferenza de tres puntos entre elas.

RÚBRICAS
RÚBRICA 1 PARA A AVALIACIÓN DO SEGUEMENTO

Nome do alumno:

CRITERIO	Excelente	Bien	Aceptable	Insuficiente	Puntuación
Entrega de seguimento nº1	Realizouse a entrega dentro do prazo indicado e seguindo o protocolo establecido. Asistiu a reunión co titor do proxecto (1 punto)	Realizouse a entrega en prazo, pero por unha vía diferente a establecida. Asistiu a reunión. (0,5 puntos)	Non se realizou a entrega dentro do prazo fixado, ou non asistiu a reunión. (0,25 puntos)	Non realizou a entrega nen asistiu a reunión (0 puntos)	
Primeiro borrador	O borrador é detallado, está presentado ordenadamente e inclúe toda a información requerida. (2 puntos)	O borrador inclúe a información requerida e está presentado ordenadamente pero está pouco detallado. (1 punto)	Al borrador fáltalle unha pequena parte da información requerida ou conténdoa, está pouco ordenada. (0,5 puntos)	Ao borrador fáltalle gran parte da información requerida, e está desordenado sendo difícil de ler. (0 puntos)	
Entrega de seguimento nº2	Realizouse a entrega dentro do prazo indicado e seguindo o protocolo establecido. Asistiu a reunión co titor do proxecto (1 punto)	Realizouse a entrega en prazo, pero por unha vía diferente a establecida. Asistiu a reunión (0,5 puntos)	Non se realizou a entrega dentro do prazo fixado, ou non asistiu a reunión (0,25 puntos)	Non realizou a entrega e Non asistiu a reunión (0 puntos)	
				Ao borrador fáltalle información requerida	

Segundo Borrador	O borrador é detallado, está presentado ordenadamente e inclúe toda a información requerida. Atendéronse todas as suxestións de mellora. (2 puntos)	O borrador inclúe a información requerida e está presentado ordenadamente pero está pouco detallado. Algunha das suxestións de mellora non foi atendida (1 punto)	O borrador inclúe a información requerida pero a maior parte das suxestións non foron atendidas. (0,5 puntos)	e non sendo atendida ningunha suxestións de mellora (0 puntos)
Entrega de seguimientonº3	Realizouse a entrega dentro do prazo indicado e seguindo o protocolo establecido. Asistiu a reunión co titor do proxecto (1 punto)	Realizouse a entrega en prazo, pero por unha vía diferente a establecida. Asistiu a reunión (0,5 puntos)	Non se realizou a entrega dentro do prazo fixado, ou non asistiu a reunión (0,25 puntos)	Non realizou a entrega e Non asistiu a reunión (0 puntos)
Terceiro Borrador	O borrador é detallado, está presentado ordenadamente e inclúe toda a información requerida. Atendéronse todas as suxestións de mellora. (2 puntos)	O borrador inclúe a información requerida e está presentado ordenadamente pero está pouco detallado. Algunha das suxestións de mellora non foi atendida (1 punto)	O borrador inclúe a información requerida pero a maior parte das suxestións non foron atendidas. (0,5 puntos)	Ao borrador fáltalle información requerida e non sendo atendida ningunha suxestións de mellora (0 puntos)
Entrega final	Realizouse a entrega dentro do prazo indicado e seguindo o protocolo establecido. (1 punto)	Realizouse a entrega en prazo, pero por unha vía diferente a establecida. (0,5 puntos)	Non se realizou a entrega dentro do prazo fixado. (0,25 puntos)	Non realizou a entrega. (0 puntos)
Cualificación final:				

RÚBRICA 2 PARA A AVALIACIÓN DA MEMORIA DO PROXECTO
ALUMNO:

	EXCELENTE	BEN	REGULAR	INSUFICIENTE	PUNTA- CIÓN
CON- TIDO: DESEN- VOLVE- MENTO	A memoria pre- senta un todos os apartados solicita- dos e estes están desenvoltos nunha secuencia lóxica que facilita a súa lectura. 1 PUNTO	Faltan por tra- tar hasta tres apartados. Os demais están nunha secuen- cia lóxica. 0,5 PUNTOS	Faltan por tratar hasta tres apar- tados, e o traba- llo non está desenvolvido nunha secuencia lóxica dificultndo a lectura do mesmo. 0,5 PUNTOS	Faltan máis de tres apartados e/ou os demais non seguen unha secuencia lóxica. 0 PUNTOS	
CON- TIDO: CALI- DADE DA INFOR- MACIÓN	A información que se da na memoria é correcta e pode contrastarse e a cantidade corres- póndese ao que se espera en cada un dos apartados. 3 PUNTOS	A información dada pode pre- sentar ata dous erros e pode contrastarse na súa maioría. A cantidade cor- respóndese ao que se espera en cada un dos apartados, agás un. 2 PUNTOS	A información dada contén máis de dous erros de concepto e é difi- cil de contrastar. Hai apartados nos que a infor- mación non é su- ficiente. 1 PUNTO	A información sub- ministrada no traba- llo, é escasa, irrele- vante, contén nume- rosos erros de con- cepto e non se pode contrastar. 0 PUNTOS	
CON- TIDO: CREATI- VIDADE E INNO- VACIÓN	O proxecto contén moitos detalles creativos que o apartan do que se fai habitualmente. 2 PUNTOS	O proxecto contén algún detalle creativo que introduce variacións ao que se fai habi- tualmente 1,5 PUNTOS	O proxecto con- tén algún detalle creativo modifi- cando lixeira- mente o que se fai habitual- mente 1 PUNTOS	O proxecto non con- tén detalles creati- vos nin é innovador. 0 PUNTOS	
CON- TIDO: VIABI- LIDADE	O proxecto está ben planeado e é totalmente viable. 1 PUNTO	Existe algún punto no proxecto que non se planeo o suficiente, pero o proxecto si- gue sendo via- ble. 0,75 PUNTOS	Existe algún punto no proxe- cto que non se planeou ben, fa- cendo perigar a viabilidade do mesmo. 0,5 PUNTOS	O planeamento do proxecto é irreal, e polo tanto non é via- ble. 0 PUNTOS	

PRESEN- TACIÓN: ÍNDICE	A memoria pre- senta un índice completo con nú- meros de páxina que facilitan a busca de informa- ción dentro da me- moria. 0,5 PUNTOS	A memoria pre- senta un índice pero este non está completo ou non está ac- tualizado, difi- cultando a busca de infor- mación. 0,4 PUNTOS	A memoria pre- senta un índice moi xeral, impe- dindo seriamente a busca de infor- mación. 0,2 PUNTOS	A memoria non ten índice. 0 PUNTOS	
PRESEN- TACIÓN: FOR- MATO	A memoria cumpre con todos os requi- sitos de formato solicitados 0,5 PUNTOS	Un dos requisi- tos de formato non foi aten- dido. 0,4 PUNTOS	Algún dos requi- sitos de formato solicitados non foi atendido. 0,2 PUNTOS	A memoria non cum- pre cos requisitos de formato solicitados. 0 PUNTOS	
PRESEN- TACIÓN: REDAC- CIÓN	O traballo está ben redactado, en ga- lego ou español, non contén faltas de ortografía e presenta un voca- bulario preciso e adecuado. 1 PUNTO	A redacción é boa pero exis- ten na memoria algunhas faltas de ortografía e/ou erros de escritura. O vo- cabulario é pre- ciso e ade- cuado. 0,75 PUNTOS	A redacción é re- gular, existen al- gunhas faltas de ortografía e/ou erros de escri- tura. O vocabula- rio empregado en algúns casos non é preciso /ade- cuado 0,5 PUNTOS	A redacción non é boa, presenta nume- rosas faltas de orto- grafía e/ou erros de escritura e carencias de vocabulario pro- pio do tema desen- rolado. 0 PUNTOS	
PRESEN- TACIÓN: IMAXES E ESQUE- MAS	A memoria pre- senta esquemas e imaxes que ilustran o texto e engaden entendemento ao tema cando se pre- cisa. 0,5 PUNTOS	A memoria pre- senta esque- mas e imaxes que ilustran e axudan a en- tender a maio- ría dos aparta- dos. 0,4 PUNTOS	A maioría dos es- quemas e imaxes da memoria te- ñen unha función de recheo e non cumplen coa súa función de axu- dar a entender o tema 0,2 PUNTOS	A memoria non con- tén imaxes nin es- quemas, ou os que hai son insuficientes e de recheo. 0 PUNTOS	
PRESEN- TACIÓN: BIBLIO- GRAFÍA	Existe un apartado de bibliografía onde figuran todas as fontes no for- mato axeitado. 0,5 PUNTOS	Existe un apar- tado de biblio- grafía onde fi- guran todas as fontes, pero o formato em- pregado non é o axeitados.	Existe un apar- tado de biblio- grafía, pero fal- tan algunhas fontes. 0,2 PUNTOS	Non hai apartado de bibliografía 0 PUNTOS	

		0,4 PUNTOS			
CUALIFICACIÓN TOTAL:					

RÚBRICA 3 PARA A AVALIACIÓN DA PRESENTACIÓN DO PROXECTO

ALUMNO:

	EXCELENTE	BEN	REGULAR	INSUFICIENTE	
AXÚSTASE AO TEMA TRATADO	Mantense no tema todo (100%) do tempo. 2 PUNTO	Mantense no tema a maior parte (99-90%) do tema 1 PUNTOS	Mantense no tema parte do tempo (89-75%) 0,5 PUNTOS	Foi difícil dicir cal foi o tema tratado 0 PUNTOS	
COÑECE O TEMA TRATADO	O orador coñece ben o tema i é obvio que practicou ensaiando varias veces. Non precisa apuntes e fala con seguridade. 2 PUNTO	O orador coñece o tema bastante ben e parece ter practicado unha ou dúas veces. Pode necesitar os apuntes en 1-2 ocasións e está relativamente seguro. 1 PUNTO	O orador sabe algo do tema, pero non parece ter practicado. Pode que precise os apuntes en 3-4 ocasións e parece estar incómodo. 0,5 PUNTOS	O orador non pode falar sen usar apuntes ou ler na presentación 0 PUNTOS	
SUSCITA E MANTÉN A ATENCIÓN	O orador usa a miúdo cambios no ton de voz e expresións faciais para captar a atención do público e mellorar as explicacións. 2 PUNTOS	O orador usa de vez en cando cambios no ton de voz ou expresións faciais para captar a atención do público e mellorar as explicacións. 1 PUNTO	O orador rara vez emprega cambios no ton de voz ou expresións faciais para captar a atención do público e mellorar as explicacións. 0,5 PUNTOS	O orador non usa cambios no ton de voz ou expresións faciais para captar a atención do público. É polo tanto a súa actuación resulta monótona e aburrida. 0 PUNTOS	

MATE- RIAS DE APOIO: PRESEN- TACIÓN	A presentación realizada denota un moi bo coñecemento do programa empregado para facela, amosando varios detalles creativos. 1 PUNTO	A presentación realizada denota un bo coñecemento do programa empregado para facela. 0,5 PUNTOS	A presentación realizada denota certo coñecemento do programa empregado para facela, pero é mediocre. 0,25 PUNTOS	O alumno non parece saber como manexar o programa escollido para facer a presentación, e esta resulta moi mala. 0 PUNTOS	
MATE- RIAS DE APOIO: INTEGRA- CIÓN	O alumno usa varios materiais de apoio que amosan un traballo/creatividade considerable e melloran a presentación 1 PUNTO	O alumno usa un material de apoio que amosa un traballo/creatividade considerable e mellora a presentación 0,5 PUNTOS	O alumno usa un material de apoio que mellora a presentación 0,5 PUNTOS	O alumno non usa materiais de apoio ou os que usa non melloran a presentación e mesmo a empeoran 0 PUNTOS	
RES- POSTA ÁS CUES- TIONS SUSCITA- DAS	O alumno é capaz de responder con precisión a práctica totalidade das cuestións 1 PUNTOS	O alumno é capaz de responder con precisión a maioría das cuestións 0,5 PUNTOS	O alumno é capaz de responder con precisión a unhas poucas cuestións 0,25 PUNTOS	O alumno é incapaz de responder con precisión as cuestións 0 PUNTOS	
ACTI- TUDE COMO OÍNTE	Asiste a todas as demais presentacións, escoita atentamente e mantén unha actitude respectuosa en todo momento	Faltou a unha das presentacións ou se distraeu nalgún momento pero mantén unha actitude respectuosa sempre	Faltou a 2 presentacións, amosou distracción repetidamente ou foi necesario chamarlle a atención en ocasións respecto da súa actitude	Faltou a máis de 2 presentacións e amosou repetidamente distracción ou foi necesario chamarlle a atención respecto da súa actitude en numerosas ocasións 0 PUNTOS	

	1 PUNTO	0,5 PUNTOS	0,25 PUNTOS		
CUALIFICACIÓN FINAL:					

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO DE PROXECTO				
ALUMNO/A	SEGUIMIENTO (20%)	MEMORIA (50%)	EXPOSICIÓN (30%)	NOTA FINAL

Non se fará a media, se algún dos apartados presenta unha nota inferior a 4 puntos, considerando o **módulo non superado**.

Non entregar o proxecto na data prevista ou non realizar a exposición e defensa do mesmo, salvo causa extraordinaria debidamente xustificada, será suficiente para **suspender o módulo**.

PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN DO MÓDULO.

- a. No caso de que algún alumno suspenda o módulo:
 - a. Por non presentar o proxecto no tempo e nas datas acordadas → deberá elaborar un proxecto que se axuste ós mínimos esixibles na seguinte convocatoria de avaliación extraordinaria.
 - b. Por non cumprir os mínimos esixibles → deberá elaborar un novo proxecto que se axuste ó programado nos mínimos esixibles e presentalo na seguinte convocatoria de avaliación extraordinaria.
 - c. Por non realizar a exposición e defensa do proxecto → deberá defender o proxecto na seguinte convocatoria de avaliación extraordinaria.

Nos dous primeiros casos un membro do equipo docente asumirá a dirección do proxecto, actuando a titora de coordinadora.

--



8 Procedementos para avaliar a propia programación

O seguimento da programación realizarase en papel e coa periodicidade mensual.

A práctica docente avaliarase conforme as enquisas implantadas no centro a traves do departamento de calidade (enquisas de satisfacción docente, etc.)._

9 Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado

Ó alumnado entrégaselle, na reunión previa a FCT, un documento contendo a seguinte información:

- Liñas de actuación sobre as que facer o Proxecto
- Puntos mínimos esixibles que deben ser tratados no Proxecto.
- Formato para a presentación da memoria.
- Criterios e instrumentos de avaliación.
- Calendario de reunións.
- Pautas para a exposición e defensa do Proxecto.

Alén de serlle comunicado tamén o nome do seu titor do proxecto.

Toda a documentación entregada ao alumno estará colgada na aula virtual do proxecto._